

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO DO 2019

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e cinco de novembro do dous mil dezanove, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e tres minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez, D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTES Á SESIÓN DE 28 DE OUTUBRO DE 2019

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación do Pleno, por unanimidade, acorda aprobar a acta da sesión de 28 de outubro do 2019.

2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 23.10.2019 ao 20.11.2019)

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 23 de outubro de setembro de 2019 ao 20 de novembro do 2019.

PARTE RESOLUTIVA

3. BONIFICACIÓN ICIO GALLAECIA DELICATESSEN SL

O ditame é favorable á proposta do expediente, por unanimidade, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“ANTECEDENTES: Na data de 17.07.2018 (RE 5755) o Sr. HERNANDEZ BLENA JESUS (36552628Q) en representación de GALLAECIA DELICATESSE SL.L (B27493774) presenta solicitude de bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras, en relación as obras de construción dunha NAVE INDUSTRIAL E OFICINAS PARA EMPRESA CARNICA no Polígono Industrial do Reboredo- Parcela 1BB, no inmovible de referencia catastral 0455805PH2005N0001HW PL INDUSTRIAL, 0001-B S UE LO.

Na data de 02.07.2019 (RE 10119) o Sr. Sr. HERNANDEZ BLENA JESUS (36552628Q) en representación de GALLAECIA DELICATESSE SL.L (B27493774) achega escrito e xustificante da creación de seis postos de traballo na NAVE INDUSTRIAL E OFICINAS PARA EMPRESA CARNICA construída no Polígono Industrial do Reboredo- Parcela 1BB no inmovible de referencia catastral 0455805PH2005N0001HW PL INDUSTRIAL, 0001-B S UE LO.

Aos efectos a interesada achega informe emitido pola Tesourería da Seguridade Social na data de 28.06.2019 relativo as altas na seguridade social realizadas na NAVE INDUSTRIAL E OFICINAS PARA EMPRESA CARNICA construída no Polígono Industrial do Reboredo- Parcela 1BB, onde efectivamente constan dados de alta 6 traballadores.

Logo de comprobar que por acordo de Xunta de Goberno Local do día 23.04.2018 concedeuse licenza de obras para a construción dunha nave industrial para empresa cárnica e oficinas na parcela 1BB do Polígono Industrial do Reboredo a instancia de GALLAECIA DELICATESSE S.L.L (B27493774).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS: *O artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais establece que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación sobre a cota de imposto sobre construcións, instalacións e obras “de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

Logo de comprobar o artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, na que se establece que gozarán dunha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras polas obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer determinadas circunstancias.

No apartado b) establécese unha bonificación polas obras de nova implantación de actividades empresariais no polígono industrial de Monforte Lemos.

Considerarase obras de nova implantación aquelas que inicien o exercicio da súa actividade no Municipio.

A estes efectos, non se considerará que produciuse o inicio do exercicio da actividade dunha actividade cando esta se desenvolva anteriormente baixo outra titularidade

Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo igual a 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.

B1) 95% pola creación de 6 ou mais postos de traballo

B2) 80% pola creación de 5 postos de traballo

- B3) 70 %pola creación de 4 postos de traballo
B4) 60% pola creación de 3 postos de traballo
B5) 50% pola creación de ata 2 postos de traballo

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- *No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea*
- *No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego*

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarse dende o momento da alta da actividade no imposto sobre actividades económicas e nun prazo máximo de 6 meses.

O recoñecemento de dita bonificación corresponderá ao Pleno voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente

*Logo de comprobar o **INFORME** emitido pola Intervención Municipal.*

Logo de comprobar o artigo 22.2.da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

PROPONSE: DECLARAR DE ESPECIAL INTERESE AS OBRAS referenciadas e **CONCEDERLLES** unha bonificación do 95% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras.”

Non hai intervencións.

Sometido o asunto a votación, aprobouse por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

4. MOCION DO PSOE CO MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

O ditame é favorable á moción, por oito votos a favor (Grupo municipal Socialista e Grupo municipal PP) e dúas abstencións (Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

1.-Seguir poñendo en valor desde este Concello as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das súas competencias, así como o seu seguimento, co obxectivo de combater a violencia contra as mulleres.

Pleno ordinario 25.11.2019

2.-Manifestar a nosa repulsa a todas as formas de violencia cara ás mulleres, o noso compromiso coas vítimas e declara a este municipio “Tolerancia cero cos maltratadores”.

3.-Expresar o rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a negación da existencia da violencia de xénero ou rexeite a validez das políticas públicas enfocadas a súa total erradicación.

4.-Apoiar ás organizacións e grupos de mulleres e os defensores dos dereitos da muller que actuaron como catalizadores e líderes dos avances legislativos e políticos na última década no que respecta a evolución e a práctica dos dereitos das mulleres.

5.No marco do reforzo das iniciativas para combater esta secuela, desde este Concello comprometémonos a impulsar a aplicación da Lei (cada municipio deberá actualizar segundo a normativa autonómica vixente) así como as estratexias e plans a nivel autonómicos vixentes, en coordinación con todos os poderes públicos.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Isabel García Díaz manifestando que lle chama a atención que sempre que houbo participación cidadá, interviñeron en primeiro lugar, dicindo que pensou que era un erro da orde do día, porque trata do mesmo punto, o di porque ás 20:30 as persoas que van participar lles gustaría estar na Praza de España.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai iniciativas presentadas antes no Rexistro, ese é o motivo, foron presentadas con anterioridade á iniciativa de FEMFORTE.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinalizando que cada 25 de novembro lembran a violencia machista, asimismo o feminismo volve saír á rúa. A violencia machista é contrario contra os dereitos humanos, sendo insuficientes, queda moito por facer, aumentar recursos disponibles etc. Fala de que eles tiñan unha moción preparada para enmendar esta iniciativa que trae o PSOE a esta Cámara, sendo leis a uns principios, é unha declaración institucional deste Concello, di que non quixeron interromper esta declaración, por se se utiliza isto como unha ferramenta arreboladiza, hai que demandar da Xunta de Galicia o incremento dos recursos económicos destinados e especificar para loitar na violencia de xénero, que sexa un 1%, 11/2007 de 27 de xullo, para a prevención do tratamento integral de violencia de xénero, demandar a mellora de prevención e detención e violencia machista, sexual, garantir a gratuidade na atención Xurídica, e impulsar unha campaña específica, promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos, constituir unha mesa de traballo con representación xudicial, policial, forense de cara a analizar os posibles fallos da cadea de atendimento, desenrolar e un impulsar iniciativas no campo da prevención e sensibilización da mocidade, demandar do goberno central para mellorar o tratamento destes delitos, impulsar unha aplicación de que o sexo non consentido sexa tratado como violencia de xénero.

Intervén D^a Isabel García Díaz manifestando que vai votar a favor desta declaración institucional, pide a este Concello que sempre vai estar a favor que redunden en algo tan inxusto como está a suceder. Este Concello non pode limitar o seu traballo ao día 25 de novembro, trátase de traballar durante todo o ano, nesas presupostos, é fundamental o traballo na escola, na educación e en tódolos ámbitos da vida. Pide que este Concello teña conciencia do problema e o demostre, demostrase traballando todo o ano non soamente o 25 de novembro.

D^a Katherinie Varela manifesta o seu apoio a esta moción. Di que cre que é máis que suficiente, esta de acordo con todo o que di e cos cinco puntos que expresa, é un tema importante para o Partido Popular. Aprobouse o Pacto de Estado co apoio do Partido Popular, di que non gusta moito que use esta moción para falar da inactividade do Partido Popular, aprobouse en decembro do 2017 en xuño do 2018, comenzou a ser Pedro Sánchez a través dunha moción de censura, esperan que Pedro Sánchez as aplique. Di que van apoiar esta moción.

D^a Margarita López da as grazas polo apoio. Di que hai que traballar durante todo o ano, dende o CIM se traballa durante todo o ano, se concentra máis con actos nestas datas, a través do CIM, a Psicóloga vai a todos os centros a dar charlas, fala de xornada formativa na Administración Local o día 13 de decembro. Di que moitas veces as mulleres non saben onde dirixirse e o primeiro sitio onde acuden é ao Concello, e a través do CIM vai derivando ao Xulgado, o que está máis preto delas. Fala dos datos do CIM, a cantidade de xente que vai, seguro que se pode facer mellor, os medios que se empregan. España é un país moi avanzado en violencia de xénero. En moitos países como Gran Bretaña non teñen unha lei de violencia de xénero. En Francia no 2018, 117 vítimas. Di que non somos tan malos, temos que valorarnos un pouco máis en xeral, en todo se pode facer máis, seguro.

Intervén D. Emilio José dicindo que todo é mellorable. Di que é importantísimo traballar na educación. Hai moitas xeneracións neste aspecto que case hai que dalas por perdidas. Hai outra cousa moi importante concienciar nos todas as forzas políticas, un cordón sanitario, asociacións, e debatirlles con argumentos sólidos discursos racistas, xenófobos e machistas, ás veces fálase e parece que rin as gracias, desmontar un discurso que tristemente está calando na nosa sociedade dunha forma alarmante. Debemos de traballar todos, fala deste documento sexa tal como está e non se pensé que estamos xogando, neste barco estamos todos no mesmo lado e non podemos escatimar.

D^a Isabel García di que non quixo facer ningunha crítica ao CIM. Sabe ben o traballo que se fai, o que demanda é que haxa máis presuposto, máis xente que traballe para o CIM. Fala do respecto ós profesionais que traballan alí que están facendo unha gran labor.

Intervén D^a Margarita López sinalando que se traballa todos os días e a todas as horas e o mellor que se pode.

Sometido o asunto a votación, aprobase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

5. MOCION DO PP PARA APROBAR A ELABORACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE REGULACIÓN DA VENTA AMBULANTE NO CONCELLO

O ditame é favorable á moción, por dous votos a favor (Grupo Municipal Popular) e oito abstencións do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Propoñemos a votación no pleno da corporación a aprobación da elaboración da ordenanza sobre a venta ambulante no Concello de Monforte de Lemos, tal e como esixe a norma autonómica mencionada, a Lei 13/2010 do comercio interior de Galicia, no seu artigo 72. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións.

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura a súa moción.

Intervén D. Emilio José manifestando que isto xa foi tratado no pasado mandato, e non se levou a cabo porque non se daban as condicións políticas necesarias, iso é unha realidade. Este mercado foi creado cun fin, pero agora saíuse de “madre”. Habería que actuar na zona para acondicionala e se se quere que siga alí se precisa unha ordenanza. -se queremos que siga-, debería de seguir, porque precísase un acondicionamento mínimo do espazo que alí hai, cando inclemencias do tempo hai barro, non está nas condicións máis axeitadas. Se necesita canto antes unha ordenanza, que se faga un borrador, que se presente aos partidos para que entre todos poda saír adiante para ninguén diga que non lle gusta, que non digan que a culpa foi de fulanito o menganito, sería o ideal neste caso concreto, que participaran todos os grupos políticos. Aмосa o seu voto a favor.

Intevén D^a Isabel García manifestando que é un tema que veu a este pleno en diversas ocasións tanto en forma de moción e en forma de preguntas. Era algo que foi demandado por todos os grupos, o que non se sabe é porque non se fixo, agora non hai excusa que o equipo de goberno ten maioría pode facerse, agradecería que todos os grupos participaran. Evidentemente o chan non está moi acondicionado, fala da feira medieval do ano pasado dicindo que precisamente no era moi agradable, estaba todo iso mezclado coa feira medieval e co que se vía alí non era unha imaxe que lle agradara. Aмосa o seu voto a favor.

Intervén D. Ibán Torres dicíndolle a D^a Katherinie que é certo que a lei di o di. Di que pena quén permitiu esto non o regulara dende o principio que é como se fan as cousas primeiro se regulan e logo se poñen en funcionamento, e así nos teriamos ese problema. Di que o primeiro ano do pasado mandato este alcalde e o equipo de goberno presentaron un borrador de ordenanza na Xunta de Portavoces que tiña maioría a a oposición e o rexeitaron por iso non chegou ao pleno. Di que intentaron regular o mercadillo, un acto un pouco extraño, a oposición pedía e ao mesmo tempo rexeitaba a proposta do goberno. Di que a petición é razoable di que están nelo. Di que no presente mandato se traerá a este pleno unha proposta de ordenanza para regular unha actividade que nunca debeu empezar sen ser regulada. Di que van optar pola abstención na proposta.

D^a Katherinie Varela di que lle parecen razoables as palabras de D. Ibán. Alerta dos mercados ambulantes pero en concreto este mercadillo ao lado do parque é preocupante cando hai xente que vende produtos que compra previamente e xente que vende roupa que lle donaron. Outra cousa é xente que utiliza a picaresca, as normas son necesarias para evitar esa picaresca. Solicita o voto a favor da moción.

D. Emilio José Sánchez di que el non falou que se deran as condicións, senón que foi a contestación que lle diron. Manifesta que xa falou na primeira intervención do que se debería facer, que mentres non se regule ese mercadillo o que hai que regular é o acceso dos vehículos ás horas punta. En definitiva, aplicar un pouco de sentido común. Aмосa o seu voto a favor.

D^a Isabel García para aclararlle a D. Ibán Torres, di que é verdade que este equipo presentou a posibilidade do regulamento, é unha mágoa que non estean gravadas as comisións informativas e xuntas de portavoces, o que aconteceu foi que todos os grupos, Esperta Monforte, BNG, Partido Popular aportaron ideas e ao equipo de goberno non lle gustaron e por iso non se aprobou.

D. Ibán Torres dicíndolle a D^a Isabel que quén vai en contra do grabado é vostede, como non está gravado vale todo. O problema disto é que hai que regular o mercadillo, as dúas cousas van entrar nun conflito severo ata o extremo que si se esixe o que se está pedindo moi poucos poderán estar alí. Pregunta ¿por qué están instalados alí eses señores?, a pérgola puxérona primeiro, logo puxeron aos “tíos” e agora hai que regulalo. Di que eles o van a regular nos termos que dixeron, dende logo se non se houberse posto a funcionar sen a previa regulación. Na lexislatura pasada foi imposible chegar a un acordo, e non porque o equipo de goberno non o propuxera, senón porque a oposición tiña maioría e non quixeron.

Sometido o asunto a votación, aprobábase por maioría con seis votos a favor dos concelleiros/as dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto e once abstencións concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista,

6. SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN NO PLENO DA ASOCIACIÓN FEMINISTA FEMFORTE

Intervén o Sr. Alcalde, falando do regulamento de participación cidadá que no seu artigo núm. 10.

Intervén D^a Ana María Vázquez Martínez vogal da xunta directiva da Asociación Feminista FEMforte, dando lectura á seguinte proposta:

“Antes de nada queremos lembrar a situación actual de vulnerabilidade na que se atopan as mulleres:

Neste ano, 2019 as cifras son alarmantes en canto á violencia machista: España leva rexistrados no que va i de ano, 49 asasinatos, que xa superan o total dos casos rexistrados o 2018 polo Instituto da Muller.

Na comunidade autónoma galega, xa levamos 3 asasinatos, o que quer dicir que a estas alturas do ano xa temos o mesmo número de vítimas mortais ca no total do ano pasado.

Á vista destes negativos datos gustaríamos propoñer algunhas medidas para loitar contra a violencia de xénero e a situación de desigualdade que sofren as mulleres en xeral e neste caso, no concello de Monforte de Lemos.

Pídese continuar no ámbito das competencias municipais e na aplicación da lexislación vixente unha política municipal activa, integral, participativa e coordinada en favor da igualdade e contra a violencia cara as mulleres.

Ademáis solicítase que se inste á Xunta de Galicia e ó goberno da nación para que continúen garantizando as partidas orzamentais do Pacto de Estado para que o traballo na prevención da violencia de xénero que se vén realizando se vexa reforzada.

Tamén se pide que se doten ós xulgados de violencia contra a muller dos suficientes medios técnicos humanos e a mellora das infraestruturas para que a atención as mulleres vítimas de violencia de xénero sexa prestada en condicións óptimas. Xunto con isto é fundamental que se forme profundamente ao poder xudicial en igualdade e xénero para que as súas interpretacións das leis estean libres de sesgos machistas e patriarcal, e en consecuencia tamén as sentenzas.

Sabemos a ciencia certa que ante as ameazas as persoas se senten indefensas e é deber da sociedade protexelas. Neste caso, solicitamos ao Concello instrumentos imprescindibles para logralo como a posta en marcha de pisos tutelados céntricos para as mulleres e as persoas que delas dependan. Tamén solicitamos estes dispositivos para mulleres que sufren violencias machistas múltiples como as que teñen algún tipo de discapacidade, as inmigrantes, as desempregadas de longa duración, as vítimas de trata e explotación sexual, as de minorías étnicas, etc.

Crema fundamental que se desenvolvan políticas no ámbito educativo, de prevención e erradicación das violencias machistas a través daqueles medios e recursos necesarios que permitan programas continuados, con profesionais cualificados, para así poder prever situacións de violencia e educar en valores de igualdade e respecto.

Tamén nos gustaría transmitir unha demanda que chega a nós dende a cidadanía e é que o Concello o orzamento do CfM ampliando a súa cobertura.

Para finalizar, a asociación FEMforte propón ao pleno a creación dunha "Mesa Municipal de Igualdade" como instrumento asesor e consultivo, non vinculante para o exercizo e desenvolvemento, pola Administración Municipal de políticas sectoriais de igualdade no ámbito local.

A finalidade desta mesa é velar polas condicións que posibiliten a igualdade dos diversos sexos, xéneros e afectos e a participación dos mesmos coa mesma intensidade na vida cotidiana, política, cultural, económica e social.

FEMforte propón que as funcións deste organismo sexan as seguintes:

-Orientar á política municipal cara a igualdade entre mulleres, homes e persoas con diversidade sexual ou de xénero.

-Impulsar a elaboración de plans municipais de actuacións dirixidos a acadar a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía monfortina.

-Asesorar á Administración Local na definición de liñas de actuacións xerais e determinación das prioridades presupuestarias.

-Recoller suxerencias e iniciativas propostas por personas ou colectivos non participantes na Mesa.

-REcoller e canalizar ós órganos competentes as denuncias discriminatorias debidamente fundamentadas que cheguen ao coñecemento da Mesa.

-Impulsar a participación, colaboración e cooperación entre asociacións e demais entidades que leven a cabo actividades de promoción da igualdade e non discriminación por sexo, xénero ou orientación sexual.

En canto a composición desta Mesa FEMforter propón que estea integrada por:

-Concelleiras de servizos sociais e igualdade.

-Representante do CIM.

-Representante de cada asociación ou federación de mulleres no concello.

-Representante das seccións de mulleres de outras asociacións de carácter social.

-Representación das seccións de mulleres das organizacións sindicais.

- Representante do consello escolar de cada centro educativo.
- Responsable da igualdade de centros educativos.
- Persoas que de forma individual e sen fins lucrativos desenvolvan actividades a favor da igualdade e manifesten un interese estable.

En canto a periodicidade das reunións deste órgano, a asociación FEMforte considera que debería ser convocada unha vez ao mes.

FEMforte ofrécese a colaborar na consecución <leste obxectivo e doutros que a corporación considere seguindo ás disposicións preventivas, procesais, punitivas e protectoras da leí de 2004 para abarcar, cás adaptacións necesarias todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a recomendación xeral número 19 da CEDAW, e loita contra a violencia contra a muller (Convenio de Estambul) que España ratificou.

Facendo unha síntese do anterior, pedimos ao Pleno do Concello de Monforte de Lemos e ao Goberno Local as seguintes medidas que son prioritarias:

- Que inste ao Goberno Central a adaptar a nosa lexislación ao Convenio de Estambul ratificado por España e tamén a formar ao Poder xudicial profundamente en materia de xénero.
- Que se aposte claramente por unha política local favorable á promoción da igualdade e disposta a erradicar a violencia machista empregando os recursos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e outros a maiores se for necesarios.
- Que se poña en marcha algún recurso habitacional (piso tutelado, vivenda comunitaria etc) para mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas unidades de convivencia e para mulleres en exclusión social.
- Que se amplie a cobertura do CIM.
- Que se cree a “Mesa Municipal da Igualdade”.”.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que xa se falou do tema, simplemente felicitar á asociación por participar hoxe neste pleno. Di que eles incrementarían na mesa proposta a representación das formacións políticas.

Intervén D^a Isabel García manifestando que como efectivamente e como daba por feito que isto se ía debater coa moción do PSOE. Da os seus parabéns en nome de Esperta Monforte a esta asociación. Cre que debería formar parte desa mesa que solicitan os grupos políticos. Dique cando falaba do incremento do orzamento dos traballos do CIM, Esperta Monforte cando se presentou o Plan de Igualdade achegou ao CIM propostas para loitar contra a violencia de xénero. Manifesta o seu voto a favor. Gustaríalle dicir que cre que elas van ter gañas de saír porque as están esperando na Praza de España. Gustaría propoñer que simbólicamente acompañaran a estas persoas á entrada do Concello cando saían.

Intervén D^a Katherinie Varela amosando o seu apoio a esta asociación. Di que lle gustaría formar parte desa Mesa, di que están aquí para o que soliciten.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que a primeira lei estatal foi unha lei do

gobierno do partido Socialista que presidía D. José Luis Rodríguez Zapatero. Fruto desta lei avanzouse moito, queda moito por percorrer. Di que non pode compartir o método que utilizan na súa poroposta. Moitos dos elementos que reseñan non teñen competencia municipal, nin tampouco se dispón de medios económicos nin humanos para levalos a cabo. Os medios económicos e humanos corresponden a outras administracións, como moitas das cousas que vostedes din, corresponden ao goberno municipal tomar outras decisións, con outras propostas de acordo están de acordo ao 100 por 100 pero considerando a que traen aquí no seu conxunto non poden apoialas, colaborando coas entidades sociais e co plan de igualdade municipal, aínda que comparten a preocupación pola lacra da violencia machista, non pode apoiar a proposta.

Intervén D^a Isabel Gacía lamentando que non podan asumir esta moción, con eso están querendo dicir que van votar en contra, pero cre que poderían abordar moitas cousas, o lamenta profundamente. Os feitos desmostranse andando, traer aquí unha moción e dicir cousas moitas bonitas é doado.

Intervén D. Ibán Torres di que non se poden focalizar os problemas tan amplos como este dende un punto de visto global-social, pódese dicir que fan falla máis medios económicos nos xulgados, se focalizamos o problema da xustiza, dende o punto de vista da violencia de xénero, unha proposta de medida de alimentos aos fillos se tarda dous meses, todo isto non é competencia municipal. Di que este tipo de búsqueda de complacencia de beneplácito social é un brindis ao sol, aos que se refire, forma parte do problema di que esta de acordo co que aquí se dixo por parte da Asociación, dentro do que son as competencias municipais, os compromisos que se asumen son para cumprilos.

Sometido o asunto a votación, rexeítase por maioría, con seis votos a favor dos concelleiros/as dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto e once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

7. MOCION DE ESPERTA MONFORTE SOBRE O PORTO SECO PARA SOLICITAR ENTREVISTA CO MINISTRO DE FOMENTO EN FUNCIONS

O ditame é favorable á moción, por un voto a favor da concelleira D^a Isabel García Díaz e nove abstencións (Grupo municipal Socialista, Grupo municipal PP e D. Emilio Sánchez Iglesias (BNG), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

-Que este Pleno a través do Sr. Alcalde solicite, de forma urxente, unha entrevista co Ministro de Fomento en función, a que acudiría unha comisión con

representación de todos os partidos representado na Corporación Municipal para desbloquear esta situación.

Intervén D^a Isabel García dando lectura a súa moción. Di que é para pedir unha postura unitaria no pleno e demandar una entrevista co Ministro de Fomento en funcións. .

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que non vai gastar tempo en buscar culpable desta situación. Di que temos unha coctelería virtual, e introducimos o ingrediente que Galicia, Monforte non é prioritario para o estado español, e se incrementamos outro ingrediente para a Xunta de Galicia, tampouco é prioritario. A realidade é que non temos esa chamada plataforma loxística sen unha infraestrutura básica co enlace coa N-120. O que sabemos que Fomento impedía iso, porque no proxecto presentado non aparecía como salvar ese paso a nivel. Di que no saben realmente de quen é a culpa. Di que están de acordo con facer esta reunión, presenta unha enmenda “in voce”, que antes se xunten Monforte, o Alcalde, os partidos de representación no Concello, o delegado do Goberno, o Delegado da Xunta e o Presiente da Confederación Hidrográfica, é unha vez que se dirima de quen a responsabilidade, solicitar a entrevista. Di que cre que non se fía de ninguén e aquí temos que estar todos xuntos.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que son conscientes do parálisis do Porto Seco. Di que un pouco do que di Emilio, se culpan as administración unhas a outras. Di que ela non vai entrar a buscar culpables, di que está de acordo con entrevistarse con quen faga falla. Di que pola súa parte presionaran á Xunta de Galicia, di que lle importa moito a cidade ao Conselleiro de Industira, di que van apoiar calquera moción que traiga ao pleno que axude a concluír toda esa obra. Di que lle parece ben o que di Emilio, para que se poda chegar a unha conclusión o antes posible.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D^a Isabel que confunde as vitimas e os verdugos, pode ser porque ten mala información, Unha cousa é a demarcación de carreteras e outra cousa é o ADIF. Os motivos, os condicionantes os pón todo o mundo. Cando pagamos a metade da depuradora do Porto seco, porque tiña que ir incluída no proxecto, para que non houbera excusas puxemos o 50%, . ese condicionante da Xunta de Galicia ao Concello de Monforte. Hai unha obra que esta facendo a Xunta e nin sequera pediron permiso. O proxecto non é do ano 2006, dille a D^a Isabel que se fía da conselleira que dedica moito tempo a mentir aos monfortinos. A Deputación non ten competencia no saneamento, en Monforte sempre pagamos 400,000 euros cada ano. A Fegamp está reclamando á Xunta que faga un reparto. Do que fai un ano a conselleira pedía axuda ao Concello, para xestionar diante de Fomento o permiso para enlazar coa N-120, esta señora viña dicindo que non tiña permiso, pero primeiro en xuño pediu permiso, en agosto, o 20 de agosto xa se había contestado á sra. Conselleria, en novembro dicia que pedía apoio para Fomento. Nesa reunión prometeu que no

mes de febreiro ou marzo entregaría unha copia no Concello para realizar as xestións, inda hoxe non coñecen ese proxecto.

D^a Isabel García di que Esperta Monforte ten sido moi dura coa Xunta de Galicia, porque di que non ten que rendir contas a ningún goberne quen governe. A moción que presentan é para falar desa nova dificultade que di o Ministerio de Fomento. Di que lle parece ben a proposta de D. Emilio para que se fagan esas reunión previas e todo aquilo que poda contribuir. Fala da cantidade de diñeiro que se leva invertido, podería recibir moitos calificativos, é que se estea facendo un bo uso do diñeiro público, di que non duda para nada que lle mentiron varias veces. Agradecería que respostara á moción que presentan

D. Emilio José Sánchez di que cando se fala de política para revitalizar o rural, o que fan falla son feitos, orzamentos, ten bondade de facelo. Que cando saíu na prensa de que Fomento denegase o permiso para a construción foi fai 15 días antes das eleccións, di que se fagan as xuntanzas, que nos digan que somos tontos ou de quen é a culpa.

D^a Katherinie Varela di que se fala da Consellería de Infraestruturas de que chantaxea, fala do artigo 23 da lei Reguladora das Facendas Locais. ADIF pertence ao ministerio de Fomento. En canto a que a Consellería de Infraestruturas é mentirosa, di que falar de mentirosos cando outros o fan, conseguir boas infraestruturas para o Concello,

Intervén o Sr. Alcalde, dicindo que Fomento si se molla con Monforte, di que estamos na liña Ourense-Lugo. O que a Conselleira non di é en que fase de proxecto, se lle trasladou por parte de ADIF as condicións, pasaron olímpicamente do requerimento, agora cando presentaron o proxecto non lle negaron nada, o que fixeron foi unha alegación ao proxecto, por certo igual que o fixo vostede ao regulamento orgánico, a esa alegación xa lle contestaron. Mentiu a Xunta de Galicia, contestándolle á alegación do ADIF. A culpa é cando a Conselleira di unha mentira reproducen unha mentira. Ademáis, di que xa pediu a documentación destes casos, tanto o requerimento en fase do proxecto, tanto a resposta, ademáis a unha orde do ano 2001 que regula este tipo de casos, cumpra vostede co que está reguladora Sra. Conselleira, pero iso non lle convén. Se a consellería tivera realmente interés en facer esa obra poñería en contacto con Fomento para saber que condicións ten que ter a obra para facela. O orzamento repetido de 750.000,00 € sabendo que son insuficientes, sabendo que non gastou ningún euro, di que para el é rirse dos monfortinso, di que cree que non vai tardar moito en pasar Monforte esta pesadilla, di que lle dirán aos medios de comunicación a verdade e despois que a xente valore. Porque non lle dixo ao Sr. Rajoy que cambiara esa orde do 2001, di que ten que asesorarse un pouco primeiro. Polo tanto non poden apoiar esa iniciativa. Di que vai requerir

esa documentación e ensinala para ver quen minte. Esta sin resolver esa resposta da Xunta de Galicia.

Intervén D^a Isabel García dicíndolle ao Sr. Alcalde que ven seguro que ten moita máis documentación, o que non pode entender é porque o Sr. Alcalde cala e non publica eses documentos. Di que esta de acordo con vostede que estanse a rir dos monfortinos absolutamente, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento, acepta o engadido que propuxo D. Emilio e cos papeles diante saberemos a quenes nos temos que dirixir. Se vostede tiña unha información e di que todo é mentira, esto non o disculpa para que saía adiante esta obra para Monforte.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que quen ten que sacala adiante é a Xunta. Aquí se enganou alguén foi o goberno do Partido Popular, a Confederación non ten nada que ver, non é ela a que pón a condición, é ADIF e segundo hai que ver a orde do 2001 para ver en que se basan para poñer esa condición. Di que a única vez que adiantou en serio o Porto Seco foi cando gobernou o bipartito, estaba sen facer o proxecto sectorial, e daqueles entre o 2005 e 2009, adiantouse todo iso, e a tramitación do proxecto sectorial leva moito tempo, é moi longo, e polo tanto aí si que avanzou. En relación co tema do que dixo a Conselleira, di que non anda a golpe de titular do que di a sra. Conselleira. Este humilde alcalde fai xestións para que avance Monforte se é posible, dentro de pouco coñecerá algunhas obras importantes. Di que Fomento non minte, un ten competencia e outro ten que pedir permiso, se hai unha norma que di tal cousa, hai que adaptarse a esa norma. Di que cando teña toda a información a poñerá en coñecemento dos cidadáns

Sometido o asunto a votación, rexeítase por maioría, con seis votos a favor dos concelleiros/as dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto e once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

8. MOCION DO BNG PARA A CREACIÓN DUN CONSELLO MUNICIPAL DE TURISMO

O ditame é favorable á moción, por un voto a favor do concelleiro D. Emilio Sánchez Iglesias (Grupo Mixto) e nove abstencións (Grupo municipal Socialista, Grupo municipal PP e D. Isabel García Díaz(Esperta Monforte), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

A Creación dun Consello Municipal de Turismo que sexa un órgano de participación no que teñan voz directa as asociación e entidades locais, públicas ou privadas, que teñan intereses no sector, ben de xeito directo ou indirecto.

Este terá como obxectivos xerar sinerxías, reforzar o comercio local propiciar novas iniciativas, e colaborar en proxectos, para asegurar o bo funcionamento do modelo turístico. Cuxa fin última será que este sector se converta nun verdadeiro referente e motor socioeconómico grazas á suma de esforzos, que é clave en calquera modelo de desenvolvemento turístico.

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á súa moción. Di que Monforte é capital da Ribeira Sacra. Fala de que o que piden é un Consello con decisións non vinculantes onde participarían os partidos políticos, asociacións, organismos que incidan dunha maneira directa ou indirecta de traballar todos xuntos, cunha periodicidade de seis meses. Organización das festas, actividades varias, todo aquilo que conleve unha mellora no turismo que é un pilar importante económico, como órgano vertebrador de todo, en definitiva traballar todos no mesmo sentido.

Intervén D^a Isabel García dicindo que Esperta Monfote sempre están a favor da participación da cidadanía, cre que o turismo vai ser un dos motores que vai mover Monforte si é que se sabe aproveitar o motor da Ribeira Sacra.. Agradece toda a información, dicir dicir non dixo nada, espera que diga algo cando anuncie esas cousas importantes que ten en carteira. Si que houbo medios de comunicación que falaron da alegación da Xunta.

Intevén D^a Katherinie Varela dicindo que dende o Partido Popular apoian calquera iniciativa que teña que ver co turismo. A idea que presenta o Bloque párecelle que é boa e vanna apoiar.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que o Concello dende fai 4 anos ven realizando unha importante labor turística sen precedentes, tanta da cidade como da Ribeira Sacra, unánimemente recoñecida. A Deputación provincial de Lugo ven facendo unha labor considerable. Di que se conseguiu que nos derradeiros anos se aumentase o turismo en Monforte e na Ribeira Sara. O turistas non veñen so no mes de agosto, agora xa veñen turistas ao longo de todo ano, sobre todo cando hai eventos como festas patronais, feira medieval, festival do viño, etc.. Di que contan con sectores económicos para organizar eventos, non poden apoiar a iniciativa nos termos nos que ven prantexada.

D. Emilio Sánchez di que ninguén dúbida da labor turística, pero algo haberá que facer. Ten razón que se está traballando nesa desestacionalización do turismo inda se podería abondar moito máis. O do tema dos catamaráns máis amplitude nos horarios. Sinala que non quere aquí dar duplicidade de traballos, non se quere facer competencia ao Consorcio Turístico. Di que hai

xente durante todo o ano con eventos. Fai pouco tempo este Concello tivo que votar a favor do presidente do Consorcio de Turismo, decidiron as asociacións, colectivos que candidatura se podería facer. Se falou de que proxecto era máis interesante, nun consello se se falará houbese aclarado antes. No 2003 ou 2004 cando se creara aquel Patronato de Deportes, e o alcalde era o concelleiro, iso é a participación da cidadanía.

D^a Isabel García di que ela tamén pecha o paraguas.

D. Ibán Torres di que non é un facer por facer, o Consello de Turismo sona como unha comisión de festas ao grande. Estano facendo moi ben, di que non existe ese distanciamento dos colectivos sociais e veciñais, di que cre que a efectos de suxerencias de ideas, opinións, participación activa.

Intervén D. Emilio Sánchez manifestando que de festas tamén se pode falar neste Consello. Nesa Comisión de Festas ao grande, di que se pode falar da Comisión de Festas ao grande que se fixo na Deputación de Lugo, eso fíxose , esa creación dese Consello. Di que nós fagámolo en base a algo concreto que se debería de facer, se non se pode facer, noutra ocasión será.

Intervén o Sr. Alcalde, manifestando que a Universidade de Santiago de Compostela, levará a cabo no 2020 un estudo sobre a influencia do festival do viño na economía de Monforte e na comarca, promoción do viño, promoción de Monforte e promoción da Ribeira Sacra., ao final do ano que vén cando se entregue o documento serán debidamente informados. Dille a D^a Isabel di que cada un ter a percepción que ten, di que deu moita información incluso documentada, queda a dúbida de si vostede entendeume, en todo caso que os cidadáns valoren. En relación co Consorcio de Turismo, o PSOE non presentou candidato, Parada do Sil, Castro Caldelas, Ribas de Sil e Monforte e ningún se propuxo, como agora está moi de moda de falar de golpes, o que si pode dicir que o Concello de Monforte parou un golpe quén o quería dar non o sabe, que é evidente que dentro da mesma familia había o que había, expresouse alí claramente. O Concello de Monforte parou un golpe, en relación co Consello de Deportes ten vostede a razón, cando este Alcalde gobernaba co BNG, creouse o consello municipal de deportes, tamén é certo que cando deixou de ser concelleiro de deportes, desapareceu. Estes anos recuperáronse as axudas para deportes antes do 2017, cada cousa ten o seu tempo.

Sometido o asunto a votación, rexeítase por maioría, con seis votos a favor dos concelleiros/as dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto e once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

9. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL 3º TRIMESTRE 2019

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 3º trimestre de 2019, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

10.DACIÓN DE CONTA DO INFORME MOROSIDADE 3º TR 2019

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 3º trimestre de 2019:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

11.INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de data 15.11.2019) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

12.ROGOS E PREGUNTAS.

-Rogo de Esperta Monforte sobre as Ordenanzas Fiscais

. Que se rebaixe o coeficiente do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana, que na actualidade está no 0,605 ao 0,555 entendendo que pode ser perfectamente asumible realizando os axustes precisos en partidas de gastos non tan necesarias.

. Que se contemple a bonificación de ata o 90% da cota íntegra do imposto, sempre que o soliciten os interesados antes do inicio das obras, naqueles inmóveis que sexan obxecto dunha actividade constructiva de rehabilitación e mellora que sexa declarada de especial interese ou utilidade municipal, por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Resposta o Sr. Alcalde que xa está recollida para a creación do emprego. Di que xa ten explicado moitas veces o IBI, di que eles non subiron o IBI, foi por un decreto do Goberno e foi outro grupo de Goberno quén o subiu, e manifesta que eles non gobernaban nin en Madrid nin na Xunta. Fala de que sempre dixo que non solicitaron a revisión de valores, outra cousa é que o faga o Catastro de oficio, se o catastro fixera de oficio unha ponencia de valores aquilo que incrementara faríamos unha rebaixa para deixalo como está, esto o din moitas veces e se pasa o fará Non deixa de ser unha proposta populista e irresponsable, rebaixar os impostos significa menos servizos, os que teñen moito poden pagar e os que non teñen non poden pagar. O que vostede propón é o mesmo que se propuxo máis veces por outros que xa non están, que suporía reducir os ingresos en 600.000,00 euros, cando vostede di que hai que rebaixar, se se baixa o IBI hai menos ingresos e polo tanto vanse facer menos cousas, menos gastos gasoil, polo tanto é de irresponsable. Por outro lado, ás veces vostede trae aquí iniciativas de que había que facer aquela obra, as obras costan cartos, ¿se se rebaixan os ingresos como pagamos?, a Xunta de Galicia non da nada, cero patatero. Cando caíu aquela tormenta enorme no ano 2016, en Sober xa houbo dous convenios para arranxar os camiños, en Pantón igual, Monforte dende o primeiro día dixeron que si que presentara un proxecto de máis de 60.000,00 euros e aínda hoxe non recibimos ningún euro, ¿se non temos ingresos propios que esperamos, a que nolos da a Xunta? Polo tanto, o que vostede pide baixando o imposto e facer obras, non se poden pedir as dúas cousas á vez.

-Rogo de Esperta Monforte sobre que o equipo de Goberno coordine unha mesa de discapacidade para un bo aproveitamento dos recursos.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que dende o Concello xa se ven colaborando con todas as entidades sociais que traballan con discapacidades diferentes, na medida do posible se procura atendelo. Que nos pasados 4 anos duplicouse as axudas que viñan recibindo as entidades sociais de Monforte. Cando se aprobe o orzamento da Deputación, tamén nas nominativas a esas asociacións aumentaráselles. Se se fixeran todas as mesas que nos piden non habería un día que non houbera unha reunión, tanta reunión non habería tempo para traballar. Parécelle ben que o pide, cree que saben o que deben facer.

-Pregunta de Esperta Monforte sobre situación ladeira norte de San Vicente

.-Ten coñecemento este Goberno Municipal desta situación?

.-Que medidas e en que prazo pensa tomar para solucionar o problema?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que este goberno municipal sabe como está a situación da cidade, non dun sitio concreto. Este goberno ten o compromiso dende o principio do mandato de mellorar o alumado público, con máis de 50 rúas con alumado novo, innumerables farolas polas rúas, di que manteñen o compromiso de seguir mellorando o alumado, no parque Dr. López Suárez estase facendo e próximamente haberá máis melloras. Esta situación que vostede describe non é nova, xa a coñecía, cando se falou cos veciños dixeron que estaban mal fai moito tempo. Di que xa informarán axeitadamente cando a situación que se leve a cabo. Sinala que globalmente se coñece esa situación e outras.

-Pregunta de Esperta Monforte sobre petición colexio Infanta Elena para mantemento do acceso dentro do recinto que se atopa en mal estado.

O Concello ten encomendado por lei as labores de mantemento dos colexios, pero a labor de mantemento é cando se estropea un grifo, unha chave, unha porta, cando é estrutural non. Polo que ve ou polo que lle informaron, alí na explanada grande aquilo require unha reparación integral, é unha cousa estrutural, iso non é tapar unha fochanda, é da Consellería. Polo tanto nós non é que non queiramos facelo, eso non un mantemento, porque de feito xa se fixo na Gándara, na primaveira diante da porta, outra fochanda, aquilo está todo levantado, necesita unha reparación completa polo tanto é a Xunta a responsable de facelo, e despois mantelo o Concello, e a nosa competencia.

-Pregunta do Bloque Nacionalista Galego sobre as parcelas do Polígono Industrial do Reboredo

.-En que situación se atopan as parcelas que non foron edicadas?

.-O Concello ten pensado desenvolver algunha medida para regularizar a situación desas parcelas?

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que a situación das parcelas do Polígono é a mesma que cando rematou o período de concesión no 2012-2013. Dende o ano 2007 calcule vostede. Este alcalde intentou darlle unha solución no pasado mandato, non había a maioría que hai hoxe non puido ser. Non está esquecido, estamos traballando nelo, dentro de moi pouco tempo haberá algunha información, a día de hoxe a situación é a mesma que tiña e estamos traballando no tema.

-Pregunta do Bloque Nacionalista Galego sobre a rehabilitación do Mercado Gandeiro

.-Ten pensado o Concello arranxar as naves e o seu entorno, así como organizar o espazo dun xeito máis eficiente?

Resposta o Sr. Alcalde que iso tocaralle cando se poida, tamén se intentou facer un arranxo fai un tempo e se fixo o que se fixo. Esas naves das que fala están sen uso, as outras están máis ou menos coidadas. Para iso faría falla unha inversión moi importante, espera que a Consellería de Medio Rural sexa sensible con ese espazo que é rural, para actividades rurais, que se fai axeitadamente pode utilizarse para outras actividades, o trataremos que senón esta Consellería que sexa outra e sexa sensible para levar a cabo o arranxo.

-Rogo do Bloque Nacionalista Galega sobre os locais electorais

.-Se tomen as medidas oportunas de cara a que, en futuras citas electorais, estes espazos non presenten as carencias constatadas. Deste xeito, tanto as persoas seleccionadas como membros das mesas, así como @s votantes, poderán exercer as súas función e dereitos en condicións óptimas.

Resposta o Sr. Alcalde que a inmensa maioría dos locais electorais non dependen do Concello, algún é dos nosos e non haberá ningún problema en levar algunha estufa se fose necesario.

Pregunta “in voce” do BNG . No pasado mandato os grupos tiñan copia dos rogos e preguntas que se presentaban para o pleno e se neste mandato vai ser así ou non.

Resposta o Sr. Alcalde que no pasado mandato os grupos repartían as preguntas por aquí e máis algunhas veces, entregábanllas ó Secretario e non as entregaban ao Alcalde. Tamén xa o dixemos, van ter que presentalas para mandalas coa documentación do Pleno sen ningún problema, non pasa nada.

Rogo “in voce “ do PP sobre o Camiño das Carriozas, visibilidade e mellora do asfalto.

Rogo “in voce” do PP sobre a colocación de espellos de seguridade vial, rúa Viña Vella e rúa Ponte dos Picos, na rúa Dr. Fleming á saída do paso debaixo da vía.

Resposta o Alcalde que se lle pedirá informe á Policía Local e que se considera que é conveniente poñelo non temos ningún inconveniente en facelo.

SECRETARIA

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás dez horas e dez ,minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,